



## **CIRCULAR 35 – 2024**

### **VIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS SUB 18 E SUB 20**

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza o VIII Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Sub 18 e Sub 20, a celebrar o 10 de febreiro nas pistas de atletismo de Balaídos en Vigo.

**Art.2).**- Poderán participar atletas con licenza en vigor pola FGA.

- Poderán participar, en cada especialidade, os/as 12 atletas inscritos/as con mellor marca durante as tempadas 2023 e 2024, garantindo un mínimo de 4 prazas por categoría.
- Na categoría Sub 18, cada atleta poderá participar nun máximo de dúas probas.

**Art.3).**- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 5 de febreiro.

**Art.4).**- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 7 de febreiro e serán remitidas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)

**Art.5).**- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h30' antes do seu inicio.

**Art.6).**- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.7).**- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.



**Art.8).- Horario**

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA
9:55	10:05	<b>10:30</b>	Martelo Homes
11:15	11:25	<b>11:50</b>	Martelo Mulleres
12:45	12:55	<b>13:20</b>	Xavelina Homes
14:55	15:05	<b>15:30</b>	Xavelina Mulleres
16:20	16:30	<b>16:55</b>	Disco Homes
17:45	17:55	<b>18:20</b>	Disco Mulleres

**Art.9).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.**

**Art.10).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, no seguinte caso:**

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa antes das 48 horas previas ó inicio do campionato, non tome parte da mesma.

**Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

A Coruña, a 25 de xaneiro de 2024

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**